

## Autoinforme 1: Aplicación dunha dinámica do Ámbito A

<b>Profesor/a</b>	<b>Marga del Amo Blanco</b>
<b>Centro</b>	<b>IES Salvaterra de Miño</b>
<b>Curso e Grupo</b>	<b>1º ESO A/B</b>

Para conseguir que: <b>Cooperación entre o alumnado</b>	Apliquei a dinámica: <b>Cinta transportadora (adaptación da dinámica animais con corpos humanos)</b>
--	---

### Descrición da dinámica aplicada:

- Dividimos a clase en varios grupos (de entre 8 e 10 alumn@s)
- Sentamos a tod@s en liña excepto @ menos pesad@.
- Entre @s que están sentad@s, transportan, por encima das súas cabezas, a@ menos pesad@.
- Unha vez que un/unha alumno/a transportou a@ compañeir@, vai correndo cara ao final da fila para que nunca pare o transporte.

### Aplicándoa como se aplicou, conseguíuse mellorar ou incrementar a cohesión do grupo?

Si, porque foi un éxito de participación sen importar quen era @ compañeir@ transportad@

### Valoración da dinámica aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):

**Dificultades:** Problemas físicos de aguantar á persoa transportada

**Aspectos positivos:** A cooperación foi excelente, xa que o alumnado de cada grupo non quería que parase a cinta.

### Autoinforme 1: Aplicación dunha dinámica do Ámbito A

<b>Profesor/a</b>	<b>Begoña Terlera</b>
<b>Centro</b>	<b>IES Salvaterra</b>
<b>Curso e Grupo</b>	<b>4º ESO B</b>

Para conseguir que: <b>Cohesionar o grupo</b>	Apliquei a dinámica: <b>Na procura dun compañeiro</b>
--	--

#### Descrición da dinámica aplicada:

- A titora expón a necesidade dun coñecemento mutuo que favorece a convivencia e mellora o rendimento escolar.
- Organiza unha choiva de ideas para identificar que valores son os que creen que deben prevalecer no grupo.
- A continuación, a titora pide aos alumnos que contesten individualmente a unha serie de cuestións relativas aos seus gustos e preferencias (cor, comida, película, música favorita.....).
- Seguidamente se lles pide que consulten as respostas con diferentes compañeiros para encontrar algúns que compartan respostas.
- Ao rematar a dinámica, a titora solicita aos alumnos que se coloquen no centro da clase de un en un e que os compañeiros os definan coas respostas que teñen averiguado na enquisa.

#### Aplicándoa como se aplicou, conseguíuse mellorar ou incrementar a cohesión do grupo?

Si, dado que ha dinámica ten como obxectivo mellorar o autoconecemento dos membros do grupo, fomentar a interrelación e delimitar os valores comuns do grupo.

#### Valoración da dinámica aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):

##### Dificultades:

-O tempo que se precisa para completala. Nun grupo de 24 alumnos se precisaron dúas sesións de tutoría. (No meu caso esto non supón unha dificultade pero se debe ter en conta o tempo que se precisa)

##### Aspectos positivos:

- Mellora o autoconecemento do grupo.
- Fomenta a interrelación entre alumnos que non se coñecen ben.

### Autoinforme 1: Aplicación dunha dinámica do Ámbito A

<b>Profesor/a</b>	<b>ANDREA MORENO LAMARCA</b>
<b>Centro</b>	<b>IES SALVATERRA MIÑO</b>
<b>Curso e Grupo</b>	<b>3º ESO BILINGÜE (A,B)</b>

Para conseguir que:	Apliquei a dinámica:
<b>OS ALUMNOS/AS COÑECÉRANSE MELLOR E FALARAN EN INGLÉS</b>	<b>COÑECE AOS TEUS COMPAÑEIROS/AS.</b>

#### **Aplicándoa como se aplicou, conseguíuse mellorar ou incrementar a cohesión do grupo?**

- Foi unha actividade distendida polo que creo que melloraron a cohesión de grupo e soltáronse a falar máis en inglés entre eles, algo que lles costaba moito.

#### **Descrición da dinámica aplicada:**

- Realización dunha ficha cunha serie de cuestións persoais que deben responder.
- Busca dalgún compañeiro/a que teña respostas semellantes.
- Ao finalizar, os alumnos/as situáronse no centro de un en un e os compañeiros intentarían responder ás respostas sobre esa persoa.

#### **Valoración da dinámica aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):**

- Dificultades: conseguir que o ambiente fora distendido pero non excesivamente caótico; unha sesión resultou algo escasa, tería necesitado quizais unha e media; foi complicado tamén a introdución da alumna invidente, xa que ao empregar o ordenador non podía moverse pola aula como o resto.
- Aspectos positivos: conseguir que falaran en inglés entre eles. Coñecerse mellor.

### Autoinforme 1: Aplicación dunha dinámica do Ámbito A

<b>Profesor/a</b>	<b>Lucía Ferreiro Liñares</b>
<b>Centro</b>	<b>IES. Salvaterra de Miño</b>
<b>Curso e Grupo</b>	<b>3º PMAR</b>

Para conseguir que: <b>COHESIÓN DE GRUPO</b>	Apliquei a dinámica: <b>"OS MANIFESTANTES"</b>
---	---

#### **Descrición da dinámica aplicada:**

Un grupo de alumnos/as agárranse uns a outros (polos brazos, pernas...) tirados nunhas colchonetas, facendo así de manifestantes. A continuación, dous compañeiros deben intentar ir separando aos manifestantes. Cada manifestante liberado pasa a axudar aos compañeiros a desfacer o "nó" de manifestantes.

#### **Aplicándoa como se aplicou, conseguíuse mellorar ou incrementar a cohesión do grupo?**

Penso que si, xa que nun principio non lles motivaba moito o contacto físico entre eles, sen embargo, unha vez comezada a dinámica, iso esqueceuse e traballaron ben en equipo, independentemente do rol que tiveran. Todo isto nun ambiente relaxado e festivo.

#### **Valoración da dinámica aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):**

Moi boa, sobretudo porque resultoulles algo novedoso, e, como comentei anteriormente, inicialmente non lles atraía a proposta pero unha vez comozada a implicación foi total.

## Autoinforme 1: Aplicación dunha dinámica do Ámbito A

<b>Profesor/a</b>	<b>ADRIÁNGELA MENÉNDEZ LLORENTE</b>
<b>Centro</b>	<b>IES SALVATERRA DE MIÑO</b>
<b>Curso e Grupo</b>	<b>2º ESO A</b>

Para conseguir que:  Os alumnos comprendan a eficacia de traballar en equipo e que se mostren dispostos a traballar deste xeito	Apliquei a dinámica: <b>El equipo de Manuel (adaptación)</b>
---	---

### Descrición da dinámica aplicada:

Para realizar esta dinámica de grupo empregamos dúas titorías.

A dinámica consistiu en ler dous textos, cuxa lectura debería servilles para completar a frase **“COOPERAR É ...”**. Nun deles explicábase como se organizan os gansos cando voan xuntos, en banda, e como se axudan entre eles para que ningún deles quede rezagado nin se saia da banda e se perda, e no outro explícase, a través dun conto, como nun taller de carpintería tódalas ferramentas son necesarias para fabricar mobles e ningunha delas é máis importante ca outra, senón que todas elas son precisas para que o carpinteiro constrúa mobles.

Estes textos léronse en común e despois cada alumno tiña que completar a frase individualmente. Posteriormente, os alumnos xuntáronse por parellas aleatorias para completar a frase coas aportacións de cada un deles. Tras esto, os alumnos da clase (23 en total), distribuíronse en grupos, tamén aleatorios, para que coas aportación de todos eles completasen a frase. Fíxéronse seis grupos de catro alumnos e un de tres. Unha vez completadas as frases con tódalas aportacións, cada grupo colleu unha cartulina dun cor diferente para plasmar a frases que realizaran.

Finalmente, fíxose unha posta en común con todas as aportacións dos grupos, léndose tamén en alto as frases que se realizaron individualmente.

Tódalas cartulinas se pegaron nas paredes da aula, co fin de que teñan presente ao longo do curso o que significa cooperar e que non esquezan o moito que mellorou a frase coas aportacións que se fixeron a nivel de equipo.

### Aplicándoa como se aplicou, conseguíuse mellorar ou incrementar a cohesión do grupo?

Sí, posto que aínda que nun principio foron reacios a traballar con determinadas persoas do seu grupo, finalmente decatáronse de que, aínda que non fosen amigos entre deles, podían traballar perfectamente xuntos e beneficiarse todos eles do traballo conxunto, xa que puideron comprobar as diferenzas entre as frases elaboradas eles sos, as elaboradas por parellas e as que finalmente conseguiron facer coas aportacións de todo grupo.

**Valoración da dinámica aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):**

O aspecto máis positivo foi que tódolos alumnos sen excepción recoñeceron os beneficios de traballar en equipo, decatándose de que, ao traballar deste xeito, os resultados acadados foron moito mellores que os obtidos do traballo individual ou por parellas.

As principais dificultades que atopei foron as reticencias, nun primeiro momento, de algúns alumnos a traballar xuntos e o tempo que perderon discutindo entre eles. Tamén dicir que os equipos tardaron bastante en organizarse para comezar a traballar e en poñerse de acordo entre eles: Igualmente, comentar que eu tivei que mediar nalgúnhas discusións que se estableceron dentro dalgúns equipos e que observei que en varios grupos era moi evidente que algún alumno traballaba moito máis cos outros.